

Asunto: INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO DO ORZAMENTO DE INGRESOS

Orzamento: ANO 2024

De conformidade co artigo 168 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, detállanse, a continuación, as bases de cálculo utilizadas para determinar as previsións de ingresos para o exercicio 2024.

Réxime xurídico de aplicación

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, (TRLRFL).

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, (LOEOSF).

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, (LRBRL), coas modificacións da Lei 27/2013, (LRSAL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o título sexto da LRFL, (RP).

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais coa modificación operada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Bases de Execución do Orzamento.



I.- BASES DE CÁLCULO

Para a determinación das previsións de ingresos, utilizáronse as seguintes informacións:

- 1.- Os dereitos recoñecidos e liquidados no exercicio de 2022 e a recadación de cada un dos conceptos.
- 2.- A execución de ingresos durante o presente exercicio 2023.
- 3.- A repercusión na estimación de ingresos para o ano 2024 derivada dos acordos plenarios de 25 de setembro de 2023.
- 4.- Ingresos extraordinarios que, previsiblemente, se obterán por procedementos de regularización tributaria: tanto polas actuacións do Servizo de Inspección de Tributos no marco do Plan de Control tributario de 2024 como polas actuacións de comprobación abreviada que realizará o Servizo de Xestión Tributaria.
- 5.- Datos relativos a alteracións catastrais obtidas na xestión do Servizo Municipal de Xestión Catastral Delegada.
- 6.- Estimación dos importes das transferencias do Estado por cesións de tributos correspondentes ao IRPF, IVE, II.EE e Fondo Complementario de Financiamento (FCF) segundo os datos facilitados polo Ministerio de Economía e Facenda. Previsión do importe da Participación de Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA). As cesións por IRPF, IVE e IIEE incrementan a previsión para o ano 2024 respecto da realizada en 2023 nun 2%, o Fondo Complementario de Financiamento incrementa nun 2% e a PICA, non varía. A previsión da liquidación do ano 2022 pola cesión de tributos e polo Fondo Complementario de Financiamento presenta unha contía extraordinaria de 20.900.000 euros estimada a partir da documentación do grupo de expertos que anualmente forman este cálculo.
- 7.- As Subvencións de capital de outros axentes financiadores que xuntamente coa Entidade Local, cofinancian proxectos de infraestruturas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 2 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- ANÁLISE DOS DISTINTOS CAPÍTULOS

A análise faise tendo en conta cada un dos conceptos, avaliando en cada caso as causas que orixinan a variación, aínda que as mesmas, son de tipo tendencial. Os recursos das facendas locais, ao igual que o resto do sector público, son moi sensibles ás conxunturas económicas.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE INGRESOS

Capítulo	Descrición	Importe
Operacións Correntes		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	117.410.785,66 €
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	10.922.786,87 €
III	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	42,799,307.02 €
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	123.856.742,57 €
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	5,404,000.00 €
Total ingresos por operacións Correntes		300.393.622,12 €
Operacións de Capital		
VI	ENAJENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00 €
VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	10,337,253.54 €
Total ingresos por operacións de capital		10,837,253.54 €
Operacións financeiras		
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	500.000,00 €
Total ingresos por operacións financeiras		500,000.00 €
TOTAL INGRESOS		311,230,875.66 €



ORZAMENTO COMPARATIVO DO ESTADO DE INGRESOS ANO 2023-2024 ATENDENDO A NATUREZA ECONÓMICA

Capítulo		Importe 2023	2024	+/- vari. %
1	Impostos directos	112.173.330,00 €	117.410.785,66 €	4,67%
2	Impostos indirectos	10,615,870.00 €	10.922.786.87€	2.89%
3	Taxas, prezos Públicos e outros ingresos	40,833,990.47 €	42,799,307.02 €	4,81,1%
4	Transferencias correntes	104.360.232,81 €	123.856.742,57 €	18.68%
5	Ingresos patrimoniais	2,935,252.62 €	5,404,000.00 €	84,11%
6	Enajenación de inversións reais	0,00 €	0,00 €	0.00%
7	Transferencias de capital	17.585.375,67 €	10.337.253,54 €	-41.22%
8	Activos financeiros	500,000.00 €	500,000.00 €	0.00%
TOTAL INGRESOS		289,004,051.57 €	311,230,875.66 €	7,69%

Do importe total do orzamento de ingresos (311.230.875,66 €) corresponden a operacións correntes 300.393.622,12 € (capítulos I a V) e a operacións de capital, 10.837.253,54 €.

CAPITULO I.- IMPOSTOS DIRECTOS

Importa este capítulo 117.410.785,66 € e representa un 37,72% do total do orzamento.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2024 aumenta nun 4,67% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2023.

A previsión do importe da cesión do IRPF regulada no artigo 112 do Texto Refundido da LRFFLL ascende a 8.151.155,66 millóns de euros, supoñendo un 6,94 % do total da imposición directa do Concello (Capítulo I). Supón un 2,62% do total do orzamento e un 2,71% das operacións correntes. Este concepto variará en función da comunicación que faga o MINHAFP que a data de hoxe non está notificada. Neste proxecto a previsión aumenta un 2% respecto da previsión dos ingresos a conta do exercicio 2023, tendo en conta a variación prevista do PIB para o ano 2024. En todo caso este incremento do 2 % é inferior ao crecemento previsto da recadación.

As previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana para o ano 2024 ascenden a 71.552.000,00 euros, as previsións do Imposto sobre Bens Inmóveis de características especiais (BICES), a 2.970.000 euros e as do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Rústica , a 50.000 euros.

As previsións destas tres partidas, contempladas no seu conxunto, supoñen un 23,96% do total do orzamento e un 24,82 % das operacións correntes, un incremento do 4,2% respecto das previsión aprobadas no orzamento de 2023 xustificado pola actualización de tipos aprobada en sesión plenaria de 25 de setembro de 2023 mais a incorporación de novas unidades catastrais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 4 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**DIRECCIÓN DE INGRESOS
E
XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA**

**CONCELLERÍA
DE
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO
DE VIGO**



As previsións do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para o ano 2024 ascenden a 15.325.630,00 euros, fronte a 14.900.000 euros do ano 2023 o que supón un incremento de 2,85 % . Este concepto representa un 4,92% do total do orzamento e un 5,10% das operacións correntes. O incremento do 2,85% obedece á actualización de determinadas tarifas aprobada en sesión plenaria de 25 de setembro de 2023.

As previsións do Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza urbana para o ano 2024 ascenden a 5.400.000,00 euros representando un 1,74% do total do orzamento e un 1,80% das operacións correntes. Mantense esta previsión en idéntica contía que a do exercicio 2023.

As previsións do Imposto sobre Actividades Económicas para o ano 2024 ascenden a 13.960.000,00 euros, cifra que xa se alcanzará no exercicio presente. Implica un 11,41% de incremento respecto das previsións do exercicio 2023 que resultaron excesivamente prudentes, e representan un 4,49% do total do orzamento e un 4,65% das operacións correntes.

CAPITULO II.- IMPOSTOS INDIRECTOS

Importa este capítulo 10.922.786,87 euros e representa un 3,51% do total do orzamento e un 3,64 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2024 supón un incremento do 2,89% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2023.

A previsión do importe da cesión do IVE regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 6.255.221,40 euros. Supón un 2,01 % do total do orzamento e un 2,08% das operacións correntes. Aumenta un 2% respecto da previsión do exercicio 2023 . Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

A previsión do importe da cesión de Impostos sobre consumos específicos regulada no artigo 112 do Texto refundido da LRFL ascende a 1.766.565,47 euros. Supón un 0,57% do total do orzamento e un 0,59% das operacións correntes. Aumenta un 1,98% respecto da previsión do exercicio 2023. Esta partida, xunto coas restantes cesións de tributos do Estado así como a correspondente partida do Fondo Complementario de Financiación do Estado constitúen a chamada Participación nos Ingresos do Estado (PIE).

As previsións anteditas do IVE e dos Impostos especiais téñense realizado a partir das entregas a conta regularizadas do ano 2023 e aplícase, como no IRPF, unha variación do 2% tendo en conta a variación prevista do PIB para o ano 2024 e ata que chegue outra información do MINHAFP.

A previsión do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras para o ano 2024 ascende a 2.900.000 euros e representa un 0,93% do total do orzamento e un 0,97% das operacións correntes. Incrementase nun 5,49% respecto ao exercicio 2023, tendo en conta os datos de liquidación deste tributo a 30 de setembro de 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 5 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPITULO III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Importa este capítulo 42.799.307,02 € e representa un 13,75% do total do orzamento e un 14,25 % do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio do 2024 aumenta nun 4,81% respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2023.

As previsións da Taxa de recollida do Lixo comercial e de vivendas para o ano 2024 ascenden a 5.460.000 € na partida 30200 de lixo comercial e 12.688.000 € na partida 30201 de lixo vivendas, supoñendo un incremento conxunto do 4% respecto das previsións formuladas no exercicio 2023, con motivo da actualización aprobada en sesión plenaria de 25 de setembro de 2023. A cifra conxunta de 18.148.000 € representa un 5,83% do total do orzamento e un 6,04% das operacións correntes.

Faise constar, respecto da partida 31200 Taxa Escolas Infantís, a súa práctica desaparición por acordo Plenario 29 de xuño de 2022.

Neste capítulo tamén son relevantes pola súa contía os aproveitamentos especiais da vía pública, maioritariamente no subsolo, realizados por empresas explotadoras de servizos de interese xeral que tributan ao concello o 1,5% dos ingresos brutos obtidos polas mesmas no municipio. Formúlanse as mesmas previsións que no orzamento do 2023. Estas partidas resultaron afectadas en negativo pola aplicación á empresas titulares de redes de telecomunicacións da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pronunciada acolléndose a un cambio xurisprudencial do Tribunal Supremo ditado, a súa vez, como consecuencia de cambio do criterio xurisprudencial do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Importa este capítulo 123.856.742,57 € e representa un 39,80 % do total do orzamento e un 41,23% do total de operacións correntes.

O importe das previsións deste capítulo para o exercicio 2024 supón un incremento do 18,68 % respecto das previsións aprobadas no orzamento de ingresos de 2023. Inclúen os seguintes ingresos por transferencias: Fondo Complementario de Financiación (FCF), Fondo de Cooperación Local, Subvención a Transporte Urbano Colectivo (TUC) e subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF, CEDRO e outros.

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento (FCF) polas entregas a conta máis a liquidación do ano 2022. Tamén inclúe a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma (PICA).

As previsións para o concepto de FCF axústanse aos ingresos a conta do ano 2023 máis unha previsión de crecemento do 2% tendo en conta a proxección da economía para o ano 2024, até que se teña outra información.

No concepto 42011 faise constar a liquidación, prevista do ano 2022, pola cesión de tributos e polo Fondo Complementario de Financiamento. En relación coa contía, a mesma obtívose do grupo de expertos que anualmente forman o cálculo, que ano tras ano, teñen un índice de certeza do 99%, polo que, a contía reflectida ten a súa xustificación nunha liquidación que vai a superar os 3.000 millóns de euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 6 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No concepto 42090 relativo á subvención ao transporte público colectivo urbano prevese a mesma contía que no ano precedente cunha variación do 2%. Tampouco será obxecto de axuste, salvo que conorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

No concepto 42091 relativo o Bono 30% de transporte urbano a contía é moi conservadora: tomouse o 50% do cuadrimestre do ano 2022 que se liquidou no primeiro trimestre do ano 2023. A contía do primeiro semestre do ano 2023 ascende a 1,8 millóns, polo que, a contía do último trimestre do ano 2023, que se ingresará no ano 2024, superará a contía das previsións deste concepto.

O concepto 45000 relativo á participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (PICA) mantense na mesma contía e faise de acordo coas entregas recibidas máis a liquidación.

O concepto 45002 relativo á subvención para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (611.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 12 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia). Ten unha previsión de 7.582.000 euros, incrementándose nun 4,92%.

O concepto 45003 relativo ao servizo CEDRO (Programa de Drogodependencia) mantense a contía das entregas a conta até a data.

CAPITULO V.- INGRESOS PATRIMONIAIS.

Importa este capítulo 5.404.000 €, aumenta un 84,11% respecto ao orzamento de 2023, por motivo do incremento no concepto intereses de depósitos

Representa un 1,74% do total do orzamento e un 1,80 % do total de operacións correntes.

CAPITULO VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL.

Figura unha previsión de Ingresos neste capítulo para o ano 2024 de 10.337.253,54 €, supoñendo un decremento do 41,22 % respecto das previsión do exercicio 2023.

No concepto 72091 recóllese a primeira anualidade da reforma da Avenida de Madrid, ascendendo a aportación da Administración Xeral do Estado a 5.100.000 euros, así mesmo no concepto 72390 recóllese un importe de 2.601.728,83 euros para financiamento de “Adenda 2023 Túnel Lepanto-acceso AVE, AYTO – ADIF-XUNTA”.

O cofinanciamento da Deputación de Pontevedra ascende a 2.483.697,48 euros para cofinanciamento dos proxectos Vigo Vertical Camelias – Hispanidade - Romil e parque Nelson Mandela Navia, supoñendo neste artigo un decremento do 66 % respecto do exercicio 2023.

O importe das transferencias de capital no orzamento de 2024 supón un 3,32% do total do orzamento e un 95,39 % das operacións de capital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 7 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPITULO VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS.

Importa este capítulo 500.000 € e representa un 0,17% do total do orzamento e un 100% do total de operacións financeiras.

Vigo, outubro de 2023

Asinan dixitalmente, A Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 11:50	Páxina 8 de 8
80-142	CSV: A7A734-4HB6CF-C5D5E8-SPVPAH-CNGXTK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		